



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 22 de outubro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezoito horas do día vinte dous de outubro de dous mil dezoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1190).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1191).- CONCESIÓN SUBVENCIÓN DIRECTA A WFP/PMA- PROXECTO:
"ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE
LAS POBLACIONES DE LA RIBERA OCCIDENTAL Y DE LA FRANJA DE GAZA".
EXPTE. 177125/301.**

Visto o informe de fiscalización de data 22/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/18, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, a concelleira de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En datas 26.06.2018 e 05.07.2018 remitiuse pola responsable de “Dirección e apoio institucional” da Alcaldía á Xefatura de Área de Benestar social documentación do «World Food Programme» - WFP («Programa Mundial de Alimentos» - PMA) para o desenvolvemento en 2018 de dous programas de axuda humanitaria, en Palestina e Bolivia, para os que se solicita a colaboración económica do Concello de Vigo.

I.2. En datas 26.09.2018 e 27.09.2018 (Códigos solicitudes W302990-4964 e W303229-8308; Docums. núms. 180156285 e 180157392/180157393) o WFP/PMA presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto humanitario: *“ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE LAS POBLACIONES DE LA RIBERA OCCIDENTAL Y DE LA FRANJA DE GAZA”*, co que se pretende mellorar o consumo de alimentos e a diversidade na dieta dos fogares beneficiarios vulnerables e con inseguridade alimentaria seleccionados na franxa de Gaza.

I.3. Achegouse tamén coa solicitude a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa (*“Nota conceptual”*), certificación administrativa de cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo e documentación oficial acreditativa (certificados/declaracións responsables) da exención de cargas tributarias e coa Seguridade Social, Estatutos e Regulamentos polos que se rexe esta organización internacional, acreditación da representación da súa representante en España, NIF (N9581063F), certificación bancaria, etc.

I.4. Mediante Resolución do 27.09.2018, a Concelleira delegada da Área de Política Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor do WFP/PMA para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención sobre privilexios e inmunidades das Nacións Unidas, 1946.
- Convención sobre prerrogativas e inmunidades dos Organismos especializados, 1947.
- Resolución 1714 (XVI) da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, do 19 de decembro de 1961 («Programa Mundial de Alimentos»).
- Resolución 2095 (XX) da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, do 20 de decembro de 1965 (Continuación do PMA).
- Resolución 1/61 da Conferencia da FAO, do 24 de novembro de 1961 (“Utilización de excedentes alimentarios – PMA”).
- Acordo entre o Reino de España e o PMA para o establecemento de Oficinas do PMA en España (Nova York, 10 de xullo de 2012).
- Acordo administrativo entre o PMA e o Reino de España, relativo ó uso polo PMA de oficinas e instalacións ubicadas nas Palmas de Gran Canaria (Madrid, 10 de abril de 2014).
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).



Concello de Vigo

- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDlex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- Orde do «Ministerio de Economía y Hacienda» EHA/875/2007, do 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no RD.887/2006.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. O «Programa Mundial de Alimentos» («World Food Programme») é a Axencia humanitaria das Nacións Unidas (NNUU) na loita contra a fame no mundo e a prol da seguridade alimentaria. Trátase dun programa autónomo subsidiario conxunto das NNUU e a FAO establecido pola Resolución 1714 da Asemblea Xeral das NNUU do 19 de decembro de 1961 e pola Resolución 1/61 da Conferencia da FAO do 24 de novembro de 1961.

III.2. O Reino de España subscribiu no ano 2012 un acordo básico co PMA/WFP para o establecemento de oficinas da Axencia en España, contando na actualidade cunha Oficina en Madrid. Neste acordo recoñécese tamén a personalidade xurídica e a capacidade xurídica de PMA/WFP para contratar, adquirir bens mobles e inmobles e dispoñer deles e para ser parte en procedementos xudiciais.

Posteriormente, en abril de 2014, as partes asinaron un acordo administrativo para o uso polo PMA/WFP das oficinas e instalacións situadas en Las Palmas de Gran Canaria.

III.3. En setembro de 2015 as NNUU aprobaron a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo no que se implicaron representantes oficiais dos 193 Estados membros, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial. Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substitúe á plasmada na Declaración do Milenio do ano 2000.

Un dos obxectivos do desenvolvemento sostible, no marco da Axenda 2030, asumida tanto polo «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» como polo «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» é o de poñer fin á fame (“FAME 0”), acadar a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible. Preténdese poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e dimensións, fomentar a resiliencia e velar porque todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade nun medio ambiente saudable.

III.4. De acordo coa documentación presentada por PMA/WFP, o obxectivo xeral das operacións do PMA/WFP en Palestina é respostar ás necesidades alimentarias inmediatas e mellorar a seguridade alimentaria e a resiliencia da poboación non refuxiada máis vulnerable e insegura.

Neste sentido, afírmase que a contribución do Concello de Vigo utilizarase para mellorar o consumo de alimentos e a diversidade na dieta dos fogares beneficiarios vulnerables e con inseguridade alimentaria seleccionados na franxa de Gaza. As familias seleccionadas canxearán os seus cupóns dixitais por un set de alimentos localmente producidos ou procesados oportunamente.

Afírmase tamén que esa contribución municipal axudará ás operacións prolongadas de socorro e de recuperación en Palestina e, sobre todo, a acadar os seguintes obxectivos específicos:

1) Identificar as necesidades alimentarias urxentes e reforzar o consumo alimentario e a diversidade dietética das poboacións máis vulnerables.



Concello de Vigo

2) Apoiar os medios de subsistencia, fomentando unha pronta recuperación e fortalecemento da resiliencia e os mecanismos de resposta ás comunidades fráxiles fronte ás dificultades socioeconómicas.

3) Apoiar a capacidade da Autoridade Palestina para facilitar redes nacionais de seguridade rentable e protección social e reforzar a súa disposición para responder a perturbacións externas, en colaboración con organismos das NNUU.

III.5. As persoas beneficiarias directas do proxecto “ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE LAS POBLACIONES DE LA RIBERA OCCIDENTAL Y DE LA FRANJA DE GAZA” serían unhas 2.475 persoas, que recibirían cupóns electrónicos para alimentos por valor de 10,30\$ mensuais por persoa. Estas persoas recibirán un crédito semanal nas súas tarxetas magnéticas de PMA/WFP que poderán usar para adquirir unha variedade predeterminada de produtos alimentarios en establecementos seleccionados.

III.6. O importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo é de 30.000 € (TRINTA MIL EUROS). Os orzamentos do Concello de Vigo non prevén a referida subvención con carácter nominativo. Con todo, a posibilidade da súa concesión directa, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que dificulten a súa convocatoria pública está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, das de execución dos orzamentos municipais.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrucción e ó restablecemento institucional.

III.7. No presente caso, o carácter evidentemente humanitario do proxecto a desenvolver, a natureza do organismo que o promove (unha axencia das NNUU destinada á loita contra a fame no mundo que declara brindar asistencia alimentaria a 80.000.000 de persoas en 80 países) e, en última instancia, a firme decisión da Alcaldía de apoiar este tipo de iniciativas humanitarias xustifican tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrência como o interese público, social e humanitario do proxecto presentado por WFP/PMA (motivacións necesarias para utilizar o procedemento de concesión directa ex artigo 19.4 LSG), sendo posible financiar o gasto que representa con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axudas ó tercer mundo”).

Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrência no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).

III.8. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

Conforme co disposto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais e na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do WFP/PMA e do proxecto humanitario proposto así como das súas normas reguladoras; en especial o Regulamento financeiro deste organismo internacional, establécese un réxime especial de xustificación que, en todo caso, deberá posibilitar a verificación do destino e a correcta utilización da subvención concedida.

III.9. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de *“cooperación para o desenvolvemento”*, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como *“axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento”* (Art. 23.1.a).
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, *«as entidades que integran a Administración Local»* e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con



Concello de Vigo

proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.10. A aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto será a nº 2310.480.00.01 ("*Axudas ó tercer mundo*").

III.11. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.13. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á organización internacional «World Food Programme» - WFP («Programa Mundial de Alimentos» - PMA), programa autónomo subsidiario conxunto das NNUU e a FAO na loita contra a fame no mundo e a prol da seguridade alimentaria, unha subvención directa por importe de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario: "*ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE LAS POBLACIONES DE LA RIBERA OCCIDENTAL Y DE LA FRANJA DE GAZA*", de acordo coa documentación presentada ó Concello de Vigo (Exp. nº 177124/301).

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 30.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axudas ó tercer mundo”) dos orzamentos vixentes, a favor do «Programa Mundial de Alimentos» (WFP/PMA), CIF N9581063F.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión.

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerá polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto do «Programa Mundial de Alimentos» (WFP/PMA): “ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE LAS POBLACIONES DE LA RIBERA OCCIDENTAL Y DE LA FRANJA DE GAZA”, co que se pretende mellorar o consumo de alimentos e a diversidade na dieta dos fogares beneficiarios vulnerables e con inseguridade alimentaria seleccionados na franxa de Gaza.

2ª.- *Carácter singular da subvención e interese humanitario do proxecto*: trátase dun proxecto de carácter singular e de evidente interese humanitario que xustifica o seu outorgamento como subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccdtes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse tales extremos na documentación presentada por WFP/PMA que consta no expediente de referencia (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 4.2, último pfo.).

3ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: as persoas beneficiarias da axuda municipal serían unhas 2.475 persoas, que recibirían cupóns electrónicos para alimentos por valor de 10,30\$ mensuais por persoa.

4ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axudas ó tercer mundo”) dos vixentes orzamentos municipais.

5ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (WFP/PMA), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

6ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con



Concello de Vigo

todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

7ª.- Xustificación: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do WFP/PMA e do proxecto humanitario proposto así como das súas normas reguladoras; en especial o Regulamento financeiro deste organismo internacional, establécese o seguinte réxime especial de xustificación:

- A documentación xustificativa da recepción dos fondos da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2018 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela, mediante un certificado emitido pola entidade beneficiaria que acredite dita recepción.
- A partir do 31.03.2019 facilitarase como xustificación da correcta execución dos fondos recibidos un “Informe Estandarizado do Proxecto” (*Standard Project Report, SPR*) relativo ó proxecto financiado con cargo á subvención municipal, asinado polo responsable competente de WFP/PMA, que conterá información narrativa e financeira sobre a execución do proxecto e a consecución de obxectivos. Así mesmo, de ser o caso, WFP/PMA poderá, a requirimento do Concello de Vigo, remitir informes adicionais ós estipulados polas súas regras e procedementos internos sobre o uso da subvención indicada, certificados pola Oficina de Auditoría Interna de WFP/PMA.

8ª.- Protección de datos: a beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión desta subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP (L.39/2015) e na LRXSP (L.40/2015) e, especificamente, na normativa relativa á protección de datos de ca-

rácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo (Concellería de Política Social).

9ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ademais rexeráse, en todo caso e no que resulte aplicable, pola Convención sobre privilexios e inmunidades das Nacións Unidas de 1946 (adhesión do Reino de España do 31.07.1974), a Convención sobre prerrogativas e inmunidades dos organismos especializados de 1947 (adhesión do Reino de España do 26.09.1974), o Acordo básico formalizado entre o Reino de España e o WFP/PMA o 19.07.2012 e o Acordo administrativo entre o Reino de España e o WFP/PMA do 10.04.2014».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1192).- CONCESIÓN SUBVENCIÓN DIRECTA A WFP/PMA - PROXECTO: "CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NACIONAL SOBRE BÓS HÁBITOS ALIMENTARIOS CUN ENFOQUE NA POBIACIÓN NOVA DE EL ALTO E LA PAZ (BOLIVIA).EXPTE. 177133/301.

Visto o informe de fiscalización de data 22/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/18, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, a concelleira de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En datas 26.06.2018 e 05.07.2018 remitiuse pola responsable de "Dirección e apoio institucional" da Alcaldía á Xefatura de Área de Benestar social documentación do «World Food Programme» - WFP («Programa Mundial de Alimentos» - PMA) para o desenvolvemento en 2018 de dous programas de axuda humanitaria, en Palestina e Bolivia, para os que se solicita a colaboración económica do Concello de Vigo.

I.2. En datas 26.09.2018 e 27.09.2018 (Códigos solicitudes W302987-8425 e W303229-8308 ; Docums. núms. 180156283 e 180157392/180157393) o WFP/PMA presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto humanitario: "CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NACIONAL SOBRE BÓS



Concello de Vigo

HÁBITOS ALIMENTARIOS CUN ENFOQUE NA POBOACIÓN NOVA DE EL ALTO E LA PAZ (BOLIVIA)”, co que se pretende sensibilizar á poboación boliviana destas localidades (especialmente á mocidade), a través dos medios de comunicación de masa do Programa PICA, sobre a importancia e os beneficios dunha alimentación nutritiva e saudable.

I.3. Achegouse tamén coa solicitude a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa, certificación administrativa de cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo e documentación oficial acreditativa (certificados/declaracións responsables) da exención de cargas tributarias e coa Seguridade Social, Estatutos e Regulamentos polos que se rexe esta organización internacional, acreditación da representación da súa representante en España, NIF (N9581063F), certificación bancaria, etc.

I.4. Mediante Resolución do 28.09.2018, a Concelleira delegada da Área de Política Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor do WFP/PMA para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención sobre privilexios e inmunidades das Nacións Unidas, 1946.
- Convención sobre prerrogativas e inmunidades dos Organismos especializados, 1947.
- Resolución 1714 (XVI) da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, do 19 de decembro de 1961 («Programa Mundial de Alimentos»).
- Resolución 2095 (XX) da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, do 20 de decembro de 1965 (Continuación do PMA).
- Resolución 1/61 da Conferencia da FAO, do 24 de novembro de 1961 (“Utilización de excedentes alimentarios – PMA”).
- Acordo entre o Reino de España e o PMA para o establecemento de Oficinas do PMA en España (Nova York, 10 de xullo de 2012).
- Acordo administrativo entre o PMA e o Reino de España, relativo ó uso polo PMA de oficinas e instalacións ubicadas nas Palmas de Gran Canaria (Madrid, 10 de abril de 2014).
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.

- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- Orde do «Ministerio de Economía y Hacienda» EHA/875/2007, do 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no RD.887/2006.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. O «Programa Mundial de Alimentos» («World Food Programme») é a Axencia humanitaria das Nacións Unidas (NNUU) na loita contra a fame no mundo e a prol da seguridade alimentaria. Trátase dun programa autónomo subsidiario conxunto das NNUU e a FAO establecido pola Resolución 1714 da Asemblea Xeral das NNUU do 19 de decembro de 1961 e pola Resolución 1/61 da Conferencia da FAO do 24 de novembro de 1961.

III.2. O Reino de España subscribiu no ano 2012 un acordo básico co PMA/WFP para o establecemento de oficinas da Axencia en España, contando na actualidade cunha Oficina en Madrid. Neste acordo recoñécese tamén a personalidade xurídica e a capacidade xurídica



Concello de Vigo

de PMA/WFP para contratar, adquirir bens mobles e inmobles e dispoñer deles e para ser parte en procedementos xudiciais.

Posteriormente, en abril de 2014, as partes asinaron un acordo administrativo para o uso polo PMA/WFP das oficinas e instalacións situadas en Las Palmas de Gran Canaria.

III.3. En setembro de 2015 as NNUU aprobaron a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo no que se implicaron representantes oficiais dos 193 Estados membros, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial. Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substitúe á plasmada na Declaración do Milenio do ano 2000.

Un dos obxectivos do desenvolvemento sostible, no marco da Axenda 2030, asumida tanto polo «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» como polo «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» é o de poñer fin á fame (“FAME 0”), acadar a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible. Preténdese poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e dimensións, fomentar a resiliencia e velar porque todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade nun medio ambiente saudable.

III.4. De acordo coa documentación presentada por PMA/WFP, esta organización conta cunha experiencia exitosa nesta rexión en materia de educación e sensibilización sobre alimentación saudable a través de programas televisivos e redes sociais.

Xustifícase a urxencia deste proxecto na crecente malnutrición da poboación urbana e nova boliviana, especialmente das cidades de El Alto e La Paz. Así, por exemplo, en El Alto o 87,6% dos/as nenos/as menores de cinco anos padecen anemia. Ademais, Bolivia rexistra o índice máis alto de toda Sudamérica de mulleres en idade fértil con algún grao de sobrepeso ou obesidade (6 de cada 10 mulleres en El Alto). Tal como se expón no proxecto presentado:

“Tanto la anemia como el sobrepeso y la obesidad están relacionados con hábitos alimentarios. La rápida urbanización y la marginación de la agricultura familiar, unidos a fenómenos de alimentación modernos como la comida rápida, promueven el consumo de alimentos abundantes en grasa, azúcar y ultra procesados. De igual manera, los hábitos alimentarios de las familias bolivianas no incluyen, con la regularidad necesaria, alimentos ricos en hierro, elemento esencial para prevenir la anemia.”

Os obxectivos específicos do proxecto son:

4) Producción de nove segmentos televisivos sobre a importancia e beneficios dunha alimentación nutritiva e saudable.

5) Difusión dos segmentos producidos por televisión nacional, radio nacional e redes sociais.

6) Avaliación de impacto dos segmentos difundidos a través de medición de audiencia en redes sociais.

III.5. As persoas beneficiarias directas do proxecto “*CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NACIONAL SOBRE BÓS HÁBITOS ALIMENTARIOS CUN ENFOQUE NA POBOACIÓN NOVA DE EL ALTO E LA PAZ (BOLIVIA)*” serían unhas 7.000 persoas, mozos e mozas, ademais das súas respectivas familias, que se beneficiarían da educación nutricional e a concienciación recibida polos/as seus/súas fillos/as.

III.6. O orzamento estimado por PMA/WFP para levar a cabo este proxecto humanitario é de 20.000€ (VINTE MIL EUROS); importe da subvención que se solicita ó Concello de Vigo.

Segundo o proxecto presentado por PMA/WFP, o financiamento do Concello de Vigo cubriría os gastos de produción, difusión e monitoreo en redes sociais de segmentos audiovisuais que se emitirían nun prazo de dous meses en televisión e radio nacional, así como redes sociais de PICA (“*Programa Inteligentes con Adolescentes*”).

III.7. Os orzamentos do Concello de Vigo non prevén a referida subvención con carácter nominativo. Con todo, a posibilidade da súa concesión directa, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que dificulten a súa convocatoria pública está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, das de execución dos orzamentos municipais.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrucción e ó restablecemento institucional.

III.8. No presente caso, o carácter evidentemente humanitario do proxecto a desenvolver, a natureza do organismo que o promove (unha axencia das NNUU destinada á loita contra a fame no mundo que declara brindar asistencia alimentaria a 80.000.000 de persoas en 80 países) e, en última instancia, a firme decisión da Alcaldía de apoiar este tipo de iniciativas humanitarias xustifican tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrência como o interese público, social e humanitario do proxecto presentado por WFP/PMA (motivacións necesarias para utilizar o procedemento de concesión directa ex artigo 19.4 LSG), sendo posible financiar o gasto que representa con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axudas ó tercer mundo*”).

Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrência no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).



Concello de Vigo

III.9. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

Conforme co disposto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais e na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do WFP/PMA e do proxecto humanitario proposto así como das súas normas reguladoras; en especial o Regulamento financeiro deste organismo internacional, establécese un réxime especial de xustificación que, en todo caso, deberá posibilitar a verificación do destino e a correcta utilización da subvención concedida.

III.10. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de *“cooperación para o desenvolvemento”*, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervenir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como *“axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento”* (Art. 23.1.a).
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, *«as entidades que integran a Administración Local»* e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con

proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.11. A aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto (nº 9120.489.00.03) non corresponde ó orzamento de Benestar Social senón de Alcaldía. Neste sentido, mediante Decreto da Alcaldía – Presidencia do 26.04.2018 foron delegadas na Concelleira delegada da Área de Política Social, D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez, *«tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a realización das axudas humanitarias internacionais»*. Para estes mesmos fins, autorizouse expresamente tamén a utilización do crédito de 50.000€ existente na precitada aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (*“Axudas ó tercer mundo”*).

III.12. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.13. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á organización internacional «World Food Programme» - WFP («Programa Mundial de Alimentos» - PMA), programa autónomo subsidiario conxunto das NNUU e a FAO na loita contra a fame no mundo e a prol da seguridade alimentaria, unha subvención directa por importe de 20.000€ (VINTE MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario: *“CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NACIONAL SOBRE BÓS HÁBI-*



Concello de Vigo

TOS ALIMENTARIOS CUN ENFOQUE NA POBOACIÓN NOVA DE EL ALTO E LA PAZ (BOLIVIA)", de acordo coa documentación presentada ó Concello de Vigo (Exp. nº 177134/301).

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 ("*Axudas ó tercer mundo*") dos orzamentos vixentes, a favor do «Programa Mundial de Alimentos» (WFP/PMA), CIF N9581063F.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha "convocatoria instrumental" e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión.

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto do «Programa Mundial de Alimentos» (WFP/PMA): "*CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NACIONAL SOBRE BÓOS HÁBITOS ALIMENTARIOS CUN ENFOQUE NA POBOACIÓN NOVA DE EL ALTO E LA PAZ (BOLIVIA)*", co que se pretende sensibilizar á poboación boliviana destas localidades (especialmente á mocidade), a través dos medios de comunicación de masa do Programa PICA, sobre a importancia e os beneficios dunha alimentación nutritiva e saudable.

2ª.- *Carácter singular da subvención e interese humanitario do proxecto*: trátase dun proxecto de carácter singular e de evidente interese humanitario que xustifica o seu outorgamento como subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccdtes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse tales extremos na documentación presentada por WFP/PMA que consta no expediente de referencia (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 4.2, último pfo.).

3ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda*: as persoas beneficiarias directas da axuda municipal estímense nunhas 7.000 persoas (mozos/as receptores/as dos segmentos audiovisuais), ademais das súas familias.

4º.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 ("*Axudas ó tercer mundo*") dos vixentes orzamentos municipais.

5º.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (WFP/PMA), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención "sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida" («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

6º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

7ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos Orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do WFP/PMA e do proxecto humanitario proposto así como das súas normas reguladoras; en especial o Regulamento financeiro deste organismo internacional, establécese o seguinte réxime especial de xustificación:

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2018 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- A xustificación das actividades subvencionadas realizarase mediante a presentación dun informe de implementación do proxecto, asinado polo responsable competente do WFP/PMA, que incluírá os materiais de comunicación producidos no marco da campaña. De ser o caso, achegaranse os informes adicionais precisos para a comprobación do correcto destino da subvención, certificados pola Oficina de Auditoría Interna do WFP/PMA.
- O Concello de Vigo poderá requirir dos responsables de WFP/PMA a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións e para o cumprimento das obrigas legais de fiscalización e control do destino das subvencións públicas.
- No primeiro trimestre de 2019 facilitarase como xustificación da correcta execución dos fondos recibidos un "Informe Estandarizado do Proxecto" (*Standard Project Report, SPR*) relativo ó proxecto financiado con cargo á subvención municipal, asinado polo responsable competente de WFP/PMA, que



Concello de Vigo

conterá información narrativa e financeira sobre a execución do proxecto e a consecución de obxectivos.

8ª.- *Protección de datos*: a beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión desta subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP (L.39/2015) e na LRXSP (L.40/2015) e, especificamente, na normativa relativa á protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo (Concellería de Política Social).

9ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ademais rexeráse, en todo caso e no que resulte aplicable, pola Convención sobre privilexios e inmunidades das Nacións Unidas de 1946 (adhesión do Reino de España do 31.07.1974), a Convención sobre prerrogativas e inmunidades dos organismos especializados de 1947 (adhesión do Reino de España do 26.09.1974), o Acordo básico formalizado entre o Reino de España e o WFP/PMA o 19.07.2012 e o Acordo administrativo entre o Reino de España e o WFP/PMA do 10.04.2014».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1193).- LIQUIDACIÓN DA CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS, CON ZONAS COMPLEMENTARIAS. EXPTE. 6184/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 22/10/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, de data 17-06-2005 (PCAP).
- Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal (LC).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora dos bonos locais (LHL).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 5 de agosto de 2004, o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de Vigo, subscribiron un convenio de colaboración para a execución do proxecto do Auditorio de Vigo. No mesmo, a Autoridade Portuaria comprometeuse a ceder ao Concello os terreos sobre os que edificar a obra, o Concello a convocar un concurso para a construción e explotación da mesma e a Xunta de Galicia aportaba financiamento.

Segundo.- En data 17 de xuño de 2005 a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente para a adxudicación por concurso dun contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos con zonas complementarias de explotación comercial na Avda. de Beiramar con ocupación parcial do subsolo da rúa Jacinto Benavente, e acordou á apertura do procedemento de licitación.

Terceiro.- En data 6 de marzo de 2006, a XGL acordou adxudicar o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, ás mercantiles Testa Inmuebles, S.A., Caixanova, Puentes Concesiones, S.L., Sacyr S.A.U. (), Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., por un prazo de trinta e cinco anos, coa obrigaón de constituír unha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato; sociedade anónima que, co nome de Pazo de Congresos de Vigo, S.A., foi constituída en escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo don Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo.



Concello de Vigo

A formalización do contrato entre o Concello de Vigo e a mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., tivo lugar o 2 de maio de 2006. Para responder da súa execución a mercantil tiña constituída garantía definitiva mediante aval por importe de 5.600.000 euros na Tesourería municipal.

A día de hoxe, a composición societaria ten variado, e os accionistas son: Merlin Propiedades Socimi, S.A., Abanca Corporación Industrial y Empresarial, S.L.U, Sacyr Construcción, S.A., Puentes Concesiones, S.L. e Puentes y Calzadas Grupo de empresas, S.A.

Cuarto.- O anteproxecto de construción e explotación da obra pública, redactado por Cesar Portela-IDOM UTE, como actuación preparatoria do expediente de contratación, previa un investimento para esta de 93.177.280 euros, dos que 28.230.280 correspondían a achegas públicas á obra por parte do Concello de Vigo e da Xunta de Galicia.

Na proposición das adxudicatarias sinalábase como orzamento total do investimento na execución das obras a cantidade de 85.716.699 euros, e como prazo da concesión o de trinta e cinco anos.

A redacción do proxecto técnico, tanto básico como de execución, da obra pública e a dirección da súa execución correspondía á citada UTE Cesar Portela IDOM, en virtude de concurso público convocado ao efecto pola Xunta de Galicia.

O proxecto básico de construción do Auditorio-Pazo de Congressos e das zonas complementarias, redactado por Cesar Portela-IDOM UTE, unha vez adxudicado o contrato, contemplaba un investimento de 82.490.720 euros e foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 9 de outubro de 2006.

En data 12 de abril de 2007, Pazo de Congressos de Vigo, S.A., solicitou á XGL a modificación do contrato debido a incidencias no subsuelo "aparición de roca de gran abrasividade", á necesidade de modificación de solucións do proxecto "consolidación e recalce, contención e movementos de terras por risco grave de estabilidade dos edificios colindantes" e a problemas de accesibilidade ás naves da rúa Jacinto Benavente como consecuencia das solucións construtivas propostas. Dita solicitude foi denegada pola XGL en sesión de 4 de xuño de 2007, en base aos informes técnicos e xurídicos municipais emitidos en relación coa mesma.

Neste acordo requiriuse de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. a presentación do proxecto de execución do conxunto arquitectónico, fixando o 16 de xullo de 2007 como data límite para a súa presentación. O proxecto de execución, redactado pola mesma UTE Cesar Portela IDOM, foi presentado en devandita data, cun orzamento de 151.338.119 euros.

Este desfase no orzamento de execución da obra en case setenta millóns de euros, respecto do anteproxecto e proxecto básico da obra pública, elaborados pola mesma UTE Cesar Portela IDOM, determinou que Pazo de Congressos de Vigo, S.A., solicitase do Concello de Vigo e este aprobase a redución da obra pública, principalmente en canto ao número de prazas de garaxe da mesma e á súa zona complementaria comercial, así como a aprobación dun novo plan económico financeiro axustado á obra que finalmente se executase.

En data 15 de decembro de 2010, Pazo de Congressos de Vigo, S.A. presentou ao Concello de Vigo o novo plan económico financeiro, no que se consigna un investimento de 85.463.700,67 euros e contéplase unha nova subvención de capital de 5.003.892 euros e a ampliación do prazo concesional en 25 anos, chegando ata o máximo permitido legalmente de sesenta anos.

Mediante acordo da Xunta de Goberno local do 6 de xullo de 2012 aprobouse definitivamente o mencionado plan económico financeiro do contrato do ano 2010, no que se incorporan as medidas instadas pola concesionaria para o restablecemento do equilibrio financeiro do contrato.

Quinto.- En data 18 de marzo de 2011, unha vez rematadas as obras do auditorio, a XGL aprobou a acta de comprobación parcial das obras (expediente 605-410).

En data 26 de outubro de 2012 a XGL aprobou un documento de estado de dimensións e características da obra executada do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio Pazo de Congressos de Vigo e as súas zonas complementarias de explotación comercial.

Sexto.- En data 27 de xuño de 2013, Pazo de congresos solicitou o reequilibrio económico do contrato, aducindo o incumprimento na súa práctica totalidade das previsións económico financeiras da concesión; incumprimento de previsións que achacaba á inactividade da Administración concedente por incumprimento dos compromisos urbanísticos de acondicionamento da contorna e á magnitude da crise económica, imprevisible no momento da oferta e da elaboración do plan de viabilidade.

Rexeitada esta petición polo Concello de Vigo, foi reproducida en vía xurisdiccional, sendo desestimada por sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 dos de Vigo, de data 16 de marzo de 2015, ditada no procedemento ordinario núm. 1/2014; sentenza que foi confirmada pola do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 24 de setembro de 2015, ditada no recurso de apelación nº 4262/2015.

Sétimo.- Con data 21 de xullo de 2016, o Consello de Administración de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., en base ao déficit de caixa existente, acordou comunicar ao Xulgado do mercantil competente o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade, para lograr un acordo de refinanciamento ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos términos previstos no artigo 5 bis da LC.

Á vista deste acordo, a Xunta de Goberno Local, con data de 7 de outubro de 2016, acordou requirir “da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., dos seus administradores e das mercantís accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. o cumprimento da obrigaición das accionistas desta de proceder ao saneamento patrimonial de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., prevista na cláusula 20.7 do PCAP (expediente nº 960-330).

Contra este acordo, Pazo de Congressos de Vigo, S.A., e outros membros do Consello de Administración desta mercantil interpuxeron o 29 de novembro de 2016, en prazo hábil, recurso de reposición, solicitando a nulidade e a suspensión do acordo impugnado, fundado na inesixibilidade, tanto legal como contractual, da obrigaición de saneamento patrimonial cuxo cumprimento requiriulles o órgano de contratación (expediente nº 1.035-330).

Oitavo.- Por Auto, de 2 de decembro de 2016, do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, declarouse en concurso voluntario a Pazo de Congressos de Vigo, S.A. (Concurso Ordinario núm. 418/2016). No mesmo intervénse as facultades de administración e nomease administrador concursal a D. José Manuel Sobrino Ubeira.

Noveno.- Na tramitación dos recursos de reposición solicitouse ditame da Cátedra de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo, sobre o significado e alcance da cláusula 20.7 do PCAP do contrato de concesión que impón aos accionistas de Pazo de Congressos de Vigo,



Concello de Vigo

S.A. a obriga de manter a esta sociedade nunha situación patrimonial saneada. Este ditame, emitido con data 15 de decembro de 2016, conclúe que:

- A obriga xeral de saneamento patrimonial prevista na cláusula 20.7 do PCAP do contrato nace tanto na hipótese de que o patrimonio neto se reduza por baixo dos dous terzos do capital social (sempre que transcorra un exercicio social sen que se recupere e, ademais, se manteña por riba da metade do capital social), como naqueles outros supostos nos que a sociedade se poida atopar nunha situación de insolvencia actual ou inminente, e sempre que a cifra de patrimonio social non sexa inferior á metade do capital social, caso no que habería de incrementarse este.
- Que os accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., son os obrigados ao dito saneamento patrimonial.
- Que a obriga de saneamento pode ser cumprida polos accionistas a través de calquera medio que permita á sociedade sanear o seu patrimonio, ben para situalo por riba dos dous terzos do capital social, ben para poder cumprir de forma regular as súas obrigas esixibles.
- Que o cumprimento da obriga de saneamento patrimonial pode ser esixida dos accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., polos administradores da sociedade titular da concesión ao figurar esta obriga de saneamento patrimonial nos seus estatutos sociais.

Décimo.- En data 4 de maio de 2017, a XGL acordou solicitar ditame do Consello Consultivo de Galicia, ao amparo do artigo 59 TRLCAP/2000, con carácter previo á resolución do recurso de reposición, por entender que as alegacións dos recorrentes refírense non tanto a feitos e interpretacións de normas xurídicas, como á interpretación do contrato mesmo e do seu PCAP (expediente nº 1.215-330).

Undécimo.- En data 13 de novembro de 2017, o Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra, ditou auto declarando a apertura da fase de liquidación, o cese do Consello de Administración de Pazo de Congressos, que é substituído polo administrador concursal e a extinción do contrato concesional.

Duodécimo.- En data 14 de marzo de 2018, o Consello Consultivo de Galicia, no ditame 264/2017, no que declara que non é posible ditaminar sobre o fondo da cuestión proposta ao terse declarado “extinguido o contrato concesional por Auto do Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra de 13.11.2017”. Isto “sen prexuízo das responsabilidades que resulten para as sociedades adxudicatarias do incumprimento de obrigas que para elas se deriven do clausulado do PCAP, cuestión na que non se pode estender o noso estudo” (expediente nº 1.215-330).

Décimo terceiro.- En data 27 de marzo de 2018, a Administración concursal entregou as instalacións que conforman o auditorio ao Concello, que as recibiu.

Décimo cuarto.- En data 24 de abril de 2018, D. Antonio Heredero González-Posada, en nome e representación do administrador concursal de Pazo de Congressos, presenta escrito solicitando a liquidación do contrato. Axunta ao escrito informe dun perito auditor no que xa se propón o modo de practicar a liquidación.

Comeza o escrito cunha prolífica relación dos antecedentes. Desta relación deberían destacarse os seguintes aspectos:

- Considera que a concesión extinguiuse ope legis pola apertura da fase de liquidación do concurso (apartado IX).
- Determina os efectos da resolución (apartado X).
- Aspectos da liquidación tales como fixación da contía (apartado XIV), prazo (apartado XV), intereses de demora (apartado XVI) e solicitude de devolución de fianza (apartado XVI).

Estas alegacións foron obxecto de cumprida resposta no acordo de incoación do presente expediente de liquidación.

Así mesmo, á vista da citada solicitude esta Administración encargou un informe a NOSTRUM AUDITORES SLP, sendo este realizado polo Perito-Economista Auditor, D. Dalmiro R. Pérez Gómez, que xa tiña informado doutras cuestións neste procedemento. Este informe foi entregado o día 25 de xuño de 2018.

Décimo quinto.- En data 14 de maio de 2018, a XGL acordou desestimar os recursos de reposición citados no antecedente sétimo (expte. 1.035-330). Este acordo foi notificado electronicamente e por correo postal aos interesados. O administrador concursal (D. José Manuel Sobrino Ubeira) recibiu a notificación o 29 de maio de 2018 (por correo postal) e o 4 de xuño (na sede electrónica). ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A., accionista avalista, recibiu a notificación o 30 de maio de 2018 (por correo postal) e non accedeu á notificación na sede electrónica en prazo. ABANCA CORPORACIÓN INDUSTRIAL E EMPRESARIAL, S.L.U recibiu a notificación o 29 de maio de 2018 (por correo postal) e non accedeu á notificación na sede electrónica en prazo.

Décimo sexto.- En data 28 de xuño de 2018, a XGL, acordou:

“1º.- Incoar expediente de liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo.

2º.- Notificar este acordo ao Administrador concursal, ao avalista e os acredores, concedéndolle un prazo de trámite de audiencia de dez días naturais para formular alegacións”.

Este acordo foi notificado electronicamente aos interesados os días 4 (D. Antonio Heredero González-Posada e PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A.) e 5 de xullo de 2018 (accionista e avalista e resto dos interesados).

Décimo sétimo.- En data 5 de xullo de 2018, D. Antonio Heredero González-Posada, en representación da mercantil PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A. (en liquidación) con CIF. nº A-36.972.560, segundo poder concedido polo Sr. José Manuel Sobrino Ubeira, como administrador concursal da sociedade mercantil designada como tal no procedemento de concurso voluntario que se segue no xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, solicita a cancelación da garantía prestada por Pazo de Congresos de Vigo, S.A., para responder do contrato, por un importe de 5.600.000 €, que foi depositada na Tesourería municipal o 28 de abril de 2006.

Décimo oitavo.- En data 20 de xullo de 2018, D. Antonio Heredero González-Posada, en representación da mercantil PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A., solicita a acumulación dos expedientes de liquidación e de devolución de garantía definitiva, así como a ampliación



Concello de Vigo

do período de alegacións en 60 días por mor de que se ten comunicado ao xulgado o acordo municipal do 28 de xuño de 2018 de incoación de expediente de liquidación, e solicitouse a comunicación do mesmo as partes.

Décimo noveno.- En data 20 de xullo de 2018, a XGL, en resposta as solicitudes formuladas polo liquidador concursal, acordou:

“1º.- Suspender o expediente de liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, incoado por acordo deste órgano de contratación de data 28 de xuño de 2018 polas razóns expostas no fundamento xurídico primeiro deste escrito.

2º.- Acordar a acumulación da solicitude de devolución de garantía definitiva solicitada por D. Antonio Heredero González-Posada, en nome e representación de PAZO DE CONGRESOS, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de xullo de 2018 co expediente de liquidación”.

Vixésimo.- En data 9 de outubro de 2018, D. Antonio Heredero González-Posada, en nome e representación de PAZO DE CONGRESOS, S.A., formula alegacións no trámite de audiencia outorgado no seo deste expediente de liquidación.

Vixésimo primeiro.- En data 11 de outubro de 2018 D. Antonio Heredero González-Posada, en nome e representación de PAZO DE CONGRESOS, S.A., presenta solicitude de alzamiento da suspensión do procedemento acordada pola XGL en data 20 de xullo de 2018.

Vixésimo segundo.- En data 22 de outubro de 2018, o responsable municipal do contrato informa sobre a devolución da garantía definitiva.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, adxudicada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de 6 de marzo de 2006, pode cualificarse como contrato de concesión de obra pública.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

-Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal a Administración pública ou entidade de dereito público concedente outorga a un concesionario, durante un prazo, a construción e explotación, ou soamente a explotación, de obras ou, en xeral, daquelas que sendo susceptibles de explotación, sexan necesarias para a prestación de servizos públicos de natureza económica ou para o desenvolvemento de actividades ou servizos económicos de interese xeral, recoñecendo ao concesionario o dereito a percibir unha retribución consistente na explotación da propia obra, ou en devandito dereito acompañado do de percibir un prezo (artigo 220.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título V do libro II da LCAP.

-II-

Do titular da concesión

O contrato que nos ocupa foi adxudicado ás mercantís Testa Inmuebles, S.A., Caixanova, Puentes Concesiones, S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra, S.A., e Puentes y Calzadas, S.A., por un prazo de trinta e cinco anos, coa obrigaón de constituír unha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato (folio 42 do expediente núm. 960/330); sociedade anónima que, co nome de Pazo de Congresos de Vigo, S.A., foi constituída por escritura pública o 19 de abril de 2006.

O seu obxecto social é a construción e explotación do auditorio Pazo de Congresos e as súas zonas complementarias.

A formalización do contrato entre o Concello de Vigo e a mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A., tivo lugar o 2 de maio de 2006.

É preciso resaltar que o contrato foi modificado por acordo da XGL de data 6 de xullo de 2012. Este acordo fixa a inversión en 85.463.700,67 euros, prevé unha nova subvención de capital de 5.003.892 euros, unha ampliación do prazo concesional en 25 anos, acadando este os sesenta anos, e aproba un novo Plan económico financeiro.

Durante a vida da concesión operáronse diversos cambios na composición do seu accionariado. No momento de declaración do concurso os accionistas eran: Merlin Propiedades Socimi, S.A. (44% do capital social), Abanca Corporación Industrial y Empresarial, S.L.U (22,22% do capital social), Puentes Concesiones, S.L. (16,67% do capital social), Sacyr Construcción, S.A. (11,11% do capital social) e Puentes y Calzadas Grupo de empresas, S.A. (5,56% do capital social).

-III-

Do concurso e resolución



Concello de Vigo

En data 2 de decembro de 2016, o Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, ditou auto declarando en concurso a Pazo de Congressos de Vigo, S.A. Neste auto interviñéronse as facultades de administración da concesionaria e nomeouse administrador concursal a D. José Manuel Sobrino Ubeira.

Por Auto do mesmo Xulgado, de data 13 de novembro de 2017, ditado no dito procedemento de concurso ordinario de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., núm. 418/2016 Sección V Convenio, abriuse a fase de liquidación do concurso, declarouse disolta á concursada e resolto, por ministerio da Lei, con efectos concursales (obrigacionais e crediticios no patrimonio da concursada) desde a dita resolución concursal, o relativo ao contrato concesional formalizado entre o Concello de Vigo e a concursada, asinado o 2 de maio de 2006.

No mesmo Auto dispúxose o cese total da actividade de Pazo de congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finaliza o 31 de marzo de 2018.

O concurso foi declarado non culpable por auto do 21 de maio do 2018 do citado Xulgado.

De conformidade co exposto no acordo do 28 de xuño de 2018 de incoación de expediente de liquidación, no que xa consta a análise relativa aos efectos das causas de resolución, continuose coa tramitación do expediente administrativo de liquidación do contrato de conformidade cos artigos 113 e 266 do TRLCAP.

-IV-

Do procedemento de liquidación

O TRLCAP non regula, nin o procedemento de resolución, nin o procedemento de liquidación dos contratos. Con respecto ao primeiro remite á súa regulación a un posterior regulamento no seu artigo 112. O mesmo está regulado no artigo 109 do RLCAP.

Tampouco determina a lei se a liquidación do contrato debe efectuarse no procedemento de resolución ou noutro posterior. Limitase a establecer os efectos da resolución no artigo 113.

No entanto, da doutrina dos órganos consultivos parece deducirse que unha vez declarada a resolución do contrato, a liquidación poderá tramitarse nun procedemento posterior.

Así, a STS 5775/2016 parece deducirse que a liquidación deberá efectuarse unha vez liquidado o contrato, *“La última potestad reclamada por la Administración tiene como objeto la liquidación del contrato una vez extinguido por resolución. Ante todo, ha de precisarse que la cuestión planteada no versa sobre la atribución a la Administración de la potestad para liquidar el contrato concesional una vez resuelto, pues tal atribución resulta claramente de la legislación aplicable”*.

Respecto á resolución do contrato dase por reproducido o xa dito no fundamento xurídico V do acordo da XGL de data 28 de xuño de 2018, de incoación do expediente de liquidación.

Con respecto aos trámites do procedemento de liquidación, será preceptiva a audiencia ao contratista, pois tal e como se sinala na citada doutrina, o expediente deberá ser contradictorio.

Como se ten dito, o procedemento de liquidación carece de regulación e non ten fixado expresamente un prazo de resolución. No entanto, no caso da liquidación da concesión de obras públicas, o artigo 266.1 do TRLCAP fixa un prazo de seis meses para a realización do cálculo da indemnización que corresponde ao concesionario polos investimentos realizados, excepto que no prego se fixe outro diferente, que non é o caso. Dado que o procedemento de liquidación incoouse polo órgano de contratación o 28 de xuño de 2018, o presente acordo producírase dentro do prazo legal para a liquidación do contrato.

-V-

Da proposta de liquidación

Para realizar a liquidación do contrato hai que atender as regras fixadas pola normativa de aplicación, neste caso, o artigo 266 do TRLCAP.

Este artigo determina para todos os supostos de resolución, con independencia de cal sexa a causa que a motive que “Nos casos de resolución, o órgano de contratación aboará ao concesionario o importe dos investimentos realizados por expropiación de terreos, execución de obras e adquisición de bens necesarios para a explotación da concesión. A este efecto, o grao de amortización terase en conta en función do tempo restante para o prazo da concesión e as disposicións do plan económico-financieiro. O importe resultante establecerase nun prazo de seis meses, salvo que se estableza outro no documento de cláusulas administrativas específicas. Se o concesionario contou entre os seus recursos con financiamento de terceiros, só se pagará o excedente despois de resolver as obrigacións contraídas”.

No PCAP que rexe este contrato regúlense os efectos da extinción na cláusula 74, tanto os aplicables calquera que sexa a causa de resolución, como os específicos segundo sexa a parte culpable da mesma ou se a extinción é acordada de mutuo acordo polas partes.

Como efectos aplicables calquera que sexa a causa da resolución sinala os seguintes:

1. A obra pública e as zonas complementarias anexas reverterán á Administración (74.1).
2. O Concello indemnizará a sociedade concesionaria polo importe do valor patrimonial das inversións realizadas obxecto de concesión (74.2), se ben puntualiza que “en ningún caso se aboarán indemnizacións por conceptos diferentes dos expresados, como poden ser: gastos de constitución de sociedade, estudos, proxectos, dirección de obra, gastos financeiros, etc” (74.3).

O administrador concursal, no escrito de 24 de abril (antecedente undécimo) solicitou que se fixase o importe das inversións realizadas por PAZO DE CONGRESOS, tendo en conta para a realización desta operación o informe do Perito-Economista Auditor, D. Alejandro Ceresuela Fernández, que incorporaba como documento nº 12 ao escrito, que fixa o importe da indemnización a aboar á concesionaria en 74.433.735,62 euros.



Concello de Vigo

Esta Administración, a súa vez, encargou tamén un informe sobre a liquidación proposta a NOSTRUM AUDITORES, SLP, sendo este realizado polo Perito-Economista Auditor, D. Dalmiro R. Pérez Gómez.

O perito, para determinar o valor da liquidación parte das seguintes premisas:

- Dentro da superficie construída do complexo, 41.312,86 m², distingue 3 conxuntos de activos comerciais: o hotel (8.946,46 m²), as oficinas (4.652,63 m²) e os locais comerciais (4.909,84 m²); e un conxunto de activos non comerciais: o Auditorio (14.192,95 m²) e o seu aparcadoiro subterráneo (8.610,98 m²). Xustifica esta distribución no feito de que a actividade do Auditorio-Palacio de Congresos ten unha baixa rendibilidade.
- Determina unha taxa de desconto do 5,376% para obter o valor actual dos activos comerciais. Taxa que obtén da suma do tipo de interese do bono de 10 anos do Reino de España, o 1,376%, ao que engade unha prima de risco da actividade económica de 4 puntos do mercado inmobiliario.
- Para a valoración de activos non comerciais, guiase polo valor do metro cadrado dos elementos do negocio. Tras determinar o valor por metro cadrado, aplícao aos metros cadrados de activos non comerciais e así obtén un valor de mercado.

Conclúe este informe fixando o importe que debe aboar esta Administración á sociedade concesionaria en 35.214.920,04 euros. E mostra a súa desconformidade coa proposta de liquidación presentada polo Sr. Heredero en nome e representación do administrador concursal en base os seguintes argumentos:

“La determinación que realiza la Administración Concursal basada en el certificado del Auditor WICAN Consultores y Auditores SL señalado en el documento 12 del escrito de D. Antonio Heredero dice “una vez corregidos el efecto positivo de la depreciación monetaria y el efecto negativo de la depreciación por antigüedad y estado de conservación”, haciendo asimismo referencia a un dictamen que no se ha aportado al expediente.

En el escrito de D. Antonio Heredero se dice, (párrafo 153) “resultado de fijar el valor de las inversiones realizadas y pendientes de amortizar pero con la adecuada corrección derivada, por un lado del efecto positivo de la depreciación monetaria, y por otro del efecto negativo de la depreciación por antigüedad y estado de conservación”.

Asimismo, en el párrafo 154 dice “ ha mayorado el importe con la variación del IPC”.

El actualizar los elementos de inmovilizado no es conforme con el literal del artículo 266 antes citado.

Para determinar el valor de los bienes se ha de estar a lo señalado en la cláusula 74.3 de Pliego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) en el que dice “En ningún caso se abonarán indemnizaciones por conceptos diferentes ós expresados, como poden ser; gastos de constitución da sociedade, estudos e proxectos, dirección de obra, gastos financeiros, etc” Doc. Nº 8 aportado por D. Antonio Heredero.

Desconocemos en que términos se ha calculado la valoración de la RPA efectuada por WICAN Consultores y Auditores SL, porque no hemos tenido acceso a su dictamen, pero hemos de señalar, que en ningún momento se pueden haber

incorporado gastos financieros, ni ninguno de los otros conceptos, al importe de los activos de la sociedad. En el momento de redactar este informe carecemos de documentación contable suficiente para poder determinar si se han incluido como mayor valor de los activos alguno de dichos conceptos.

Lo que si hemos de señalar es que las subvenciones publicas recibidas con carácter finalista para la construcción de determinados bienes, MINORAN, el valor de los mismos a los efectos de realizar los cálculos indemnizatorios.

Por tanto no puede ser correcto el importe reclamado por D. Antonio Heredero, en representación de PAZO DE CONGRESOS SA, por no incluir el importe de la subvenciones como menor valor de la indemnización e incluir un efecto inflacionario que no es conforme con el artículo 266 del TRLCAP ni con el PCAP.

Para el calculo de la indemnización hemos de minorar el importe determinado de la RPA con el importe del Valor actual de los bienes, ya que la rescisión del contrato, según el Concello, es debido a incumplimientos del contratista”.

Esta proposta de liquidación foi formulada por esta administración no acordo de incoación do expediente de 28 de xuño de 2018. Evacuado trámite de audiencia ao liquidador concursal sobre a mesma, este, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 9 de outubro de 2018, manifesta que “una vez obtenida las correspondientes autorizaciones y/o conformidades en la sede del procedimiento concursal mi representada se muestra conforme con la propuesta de liquidación fijada por el perito designado por el Excmo. Concello de Vigo que fija en 35.214.290,04 € la cantidad a abonar por el Concello, debiendo entenderse que al fijar dicha cantidad ya se ha minorado el valor de las subvenciones recibidas que ascendía al importe de 28.320.280 €”. Tal e como se desprende do citado estrato do informe pericial encargado por esta Administración e reproducido máis arriba, efectivamente, ao calcular o importe da indemnización xa se detraeu o importe das subvencións recibidas pola concesionaria.

O administrador concursal formula no referido escrito as seguintes alegacións:

- A devolución da garantía definitiva.
- O aboamento da cantidade resultante da liquidación antes do 31 de decembro do presente ano.
- Que o aboamento desta cantidade supoña a liquidación total do contrato concesional por todos os conceptos.

A devolución da garantía definitiva tratarase no seguinte fundamento xurídico deste informe.

Respecto ao aboamento da liquidación, é preciso por de relevo que dado que non está previsto no presuposto é preciso previamente realizar unha modificación presupostaria. Cando se produce un gasto que non pode demorarse ata o ano seguinte, e non hai ningún crédito no orzamento ou este non é suficiente ou non ampliable o consignado, deberá iniciarse expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo (artigo 177.1 LHL). No caso que nos ocupa, polo tanto, é preciso tramitar un expediente de suplemento de crédito.

Este expediente debe ser informado previamente pola Intervención e será sometido á aprobación do Pleno da corporación. Esta suxeito aos mesmos trámites e requisitos que os



Concello de Vigo

orxamentos, séndolle de aplicación as regras sobre información, reclamacións e publicidade dos mesmos (artigo 177.2 LHL). É dicir, aprobado inicialmente polo Pleno é preciso cumprir os seguintes trámites (artigo 169.1 LHL):

1. Publicación de anuncio no boletín oficial da provincia.
2. Exposición ao público por prazo de 15 días. Durante este prazo os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.
3. Resolución das reclamacións polo Pleno no prazo dun mes. En caso de non presentarse as mesmas o suplemento entenderase automaticamente aprobado.
4. Aprobación definitiva.

Á vista da tramitación do suplemento de crédito, e tendo en conta que estamos a metade do mes de outubro, é difícil poder cumprir co prazo esixido polo administrador concursal. No entanto, na parte dispositiva deste acordo dispórase a necesidade de iniciar o expediente de suplemento de crédito para proceder ao pago da liquidación tan pronto sexa factible.

Por último, cómpre aclarar, con respecto á terceira das alegacións formuladas polo Administrador concursal que, resolto o contrato, e unha vez aprobada a presente liquidación, darase por rematado o procedemento e arquivarase o expediente.

-VI-

Da garantía definitiva

O TRLCAP regula no seu Título II do Libro I o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público.

O adxudicatario dun contrato público ten a obriga de constituír unha garantía definitiva polo importe do 4% do importe de adxudicación (artigo 36 do TRLCAP), no prazo dos 15 días seguintes á notificación da adxudicación do contrato (artigo 41). A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o mesmo. De no constituírse no prazo concedido ó efecto, a Administración declarará resolto o contrato (artigo 41 do TRLCAP). Estas obrigas recóllense así mesmo na cláusula 19 do PCAP.

En cumprimento deste precepto, Pazo de Congresos de Vigo, S.A., constituíu na Tesourería municipal, en data 28 de abril de 2006 garantía definitiva mediante aval da Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra por importe de 5.600.000 euros, rexistrado co nº 0000.300012864-1 no Rexistro Especial de Avals da citada entidade. Esta operación foi rexistrada co nº 200600018888.

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 43.2 do TRLCAP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista por razón da execución do contrato.
- b) Das obrigas derivadas do contrato, dos gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no

contrato.

Tal e como se argumenta no informe do responsable do contrato de data 22 de outubro de 2018, procede a cancelación do aval constituído por canto:

«No caso que nos ocupa, a concursada asume integramente o pago dos danos e perdas calculados por esta Administración municipal como imputables á Pazo de Congressos de Vigo, S.A. na proposta de liquidación do contrato que figura no expediente; danos e perdas que, calculados pola diferenza entre o valor de reemprazo do ben e a indemnización que procedería pagar á concesionaria en virtude da aplicación do artigo 266.1 TRLCAP/2000, superan amplamente a contía da garantía constituída pola concesionaria. Pois ben, como queira que a concursada asume integramente, segundo vai dito, o pago dos ditos danos e perdas e dita asunción de pago se concreta na minoración da cantidade a satisfacer á concursada polo Concello de Vigo en concepto de responsabilidade patrimonial deste pola resolución do contrato, sempre resulta que non existindo xa a obriga principal —a obriga a garantir— prodúcese necesariamente a extinción da obriga accesoria —a garantía— polo que procede a cancelación do aval constituído, pois a incautación da garantía para respostar dos repetidos danos e perdas debe entenderse producida coa minoración da responsabilidade patrimonial da Administración municipal concedente fronte á concursada e porque os ditos preceptos dos artigos 113 e o artigo 266.4 do TRLCAP/2000 non establecen outra responsabilidade da que deba responder a garantía, sen que resulte de aplicación a cláusula 75 do mesmo PCAP, que non se refire ao suposto que regulan os preceptos citados senón ao de extinción normal da concesión por transcurso do seu prazo».

-VII-

Do levantamento da suspensión do procedemento

En data 20 de xullo de 2018, a XGL, a instancia do administrador concursal, acordou suspender o expediente de liquidación do contrato que nos ocupa, incoado por acordo deste órgano de contratación de 28 de xuño de 2018 a espera dunha resolución xurisdiccional. No momento da suspensión tiñase dado traslado da proposta de liquidación ao administrador concursal e conferido ao mesmo un trámite de audiencia para formular as alegacións que tivera por convinte.

En data 11 de outubro de 2018, o Administrador concursal presenta un escrito no que manifesta que solicitou do xugado un pronunciamento sobre a proposta de resolución formulada polo Concello. Motivo polo que se solicitou unha ampliación do prazo de trámite de audiencia. No entanto, posteriormente desistiu da solicitude formulada. En consecuencia, dado que a resolución xudicial non se vai producir, renuncia a suspensión acordada. Á vista do exposto, é procedente levantar a mesma.

-IX-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO



Concello de Vigo

En mérito ao que antecede, previo informe da Asesoría Xurídica, de resultar conforme a fiscalización da Intervención municipal, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Levantar a suspensión do procedemento de liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, acordada por este órgano en data 20 de xullo de 2018.

2º.- Liquidar o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo. A liquidación arroxa un saldo favorable ao contratista de 35.214.290,04 €, tal e como despréndese do informe realizado a instancia desta Administración polo Perito-Economista Auditor, D. Dalmiro R. Pérez Gómez, e que consta no expediente.

3º.- Instar do órgano competente a incoación de expediente de suplemento de crédito para dotar a aplicación orzamentaria correspondente do importe necesario para proceder ao aboamento da liquidación.

4º.- Incoar expediente de gasto para proceder a aboamento a PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A. (en liquidación) 35.214.290,04 €. Este aboamento queda condicionada á existencia de crédito suficiente e adecuado, unha vez entre en vigor a modificación presupostaria referida no punto anterior.

5º.- Como queira que incautación da garantía definitiva debe entenderse producida coa minoración da RPA, cancelar o aval constituído por Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (hoxe ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.) por importe de 5.600.000 euros, rexistrado co nº 0000.300012864-1 no Rexistro Especial de Avals da citada entidade, e canxeado na Tesourería municipal co nº de operación 200600018888.

6º.- Notificar este acordo ao Administrador concursal".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1194).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA ESCOLAS PÚBLICAS". EXPTE. 3760/443.

Visto o informe de fiscalización do 22/10/18, dáse conta do informe-proposta do 19/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 03.05.17, resolveu autorizar o gasto para para para Redacción dE proxecto de “Humanización da Rúa Escolas Públicas”, a prol da empresa TECNIGAL SL (B36122612).

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.619.00.16 (HUMANZ. RÚA ESCOLAS PÚBLICAS).

III.- A empresa TECNIGAL SL, presenta proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA ESCOLAS PÚBLICAS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Pablo López Fernández e polo Enxeñeiro Técnico. Industrial D.José Manuel Fouces Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVENTA E NOVE MIL SETECENTOS ONCE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (299.711,11 EUROS).

IV.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 10.04.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 10.04.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución da Consellería de Cultura de data 14.09.2018, autorizando á execución das obras proxectadas, condicionada o cumprimento das seguintes condicións:

“• Levarase a cabo un control arqueolóxico de tódalas accións de obra que comporten algún tipo de movemento de terra, polo que previo ao inicio das obras solicitadas, será presentado para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, un Proxecto de Control arqueolóxico, realizado por arqueólogo/a competente, de acordo co establecido polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

• As obras non poderán comezar en tanto non sexa autorizado o proxecto de control arqueolóxico.

• Á vista dos resultados da actuación arqueolóxica, poderán modificarse as condicións da autorización das obras. “

VI.- A actuación desenrolase na rúa Escolas Públicas e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir:

- Previamente ao inicio das obras procederase á retirada do mobiliario existente e alumeado existentes, o que se substituirá de forma provisional durante a execución das obras, procederase á demolición dos pavimentos existentes.
- Efectuarase a escavación de gabias correspondentes para as renovacións de saneamento, fecais e pluviais a base de colectores de PVC de varios ,con correspondentes pozos de rexistro de pezas de formigón prefabricado, tubaxe de fundición 100mm cos seus correspondentes válvulas e acometidas domiciliarias asentados sobre leito area, compactado, e canalización de alumeado público coas súas correspondentes luminarias, colocadas en paramentos verticais. Asi como a proposta de rehabilitación da zona axardinada existente.
- Pavimentación do vial previa a compactación do terreo, capa de zavorra compactada de 25 cm. , de espesor, soleira de formigón armado HA-20 de 20 cm. de espesor e acabado a base de pavimento asfáltico impreso, coloreado segundo esquemas de



Concello de Vigo

planos con excepción da zona peonil do calello, que se propón o acabado en formigón impreso HM 20/b/20/I con fibras de propileno.

- Nova reposición de mobiliario urbano proposto.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 4 meses.

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 18.10.2018 informe, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é inferior a 500,000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, o presente informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do

Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA ESCOLAS PÚBLICAS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Pablo López Fernández e polo Enxeñeiro Técnico. Industrial D. José Manuel Fouces Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVENTA E NOVE MIL SETECENTOS ONCE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (299.711,11 EUROS) de data outubro de 2018, e con sinatura dixital de data 18/10/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezaioito horas e dous minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez